



ACTA Nº 11/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Presidencia: D^a Eva Sanín Mariño.

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D. Antonio Losada Trabada e D^a Manuela Guillán de Dios.

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: D^a Beatriz Rodríguez Fraga.

Consellería de Economía e Facenda: D^a María Blanco Aller e D. Ulpiano Villanueva Rodríguez.

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: D^a María Chas de la Calle.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: D. Benito Fernández Rodríguez.

Consellería de Innovación e Industria: D^a Lourdes Courtier Ramos.

Consellería de Cultura e Deporte: D. Miguel Ares Casal.

Consellería de Sanidade: D. Antonio José Fernández Paniagua.

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: D^a M^a del Mar Pousa Cobas e D^a Marta Ramos Lage.

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: D^a M^a Lourdes Batán Aira.

Consellería de Traballo: D^a M^a del Carmen Calviño Rodríguez e D. José Vázquez Portomeñe.

Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Juan Manuel Parada Suárez e D. Xesús Tarrío Peón.

CC.OO: D. Pedro Méndez Gil.

UGT: D^a Rosario Valledor Púente, D. Miguel Ángel Dono Gómez e D. José Vázquez Gonzalez.

CSI-CSIF: D. Xínés García Bugallo, D. Álvaro Fernández Baamonde e D^a Carmen Noya Castro.

Secretario: D. Carlos Carid Fernández.

En Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do día 22 de setembro de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, na aula número 1 ("Manuel Colmeiro") da Escola Galega de Administración Pública, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro: Lectura e aprobación, se procede, da acta número 10/2006, correspondente á sesión anterior.

Punto segundo: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Punto terceiro: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

Punto cuarto. Proposta da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade de suspensión provisional no expediente disciplinario 10/06-M.

O Presidente informa que escusou a súa asistencia á reunión. O Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.





Toma a palabra o representante da Organización Sindical CIG quen, en nome das organizacións CIG, CC.OO. e UGT, manifesta a súa protesta pola ausencia de Secretarios Xerais, en especial os titulares das Consellerías de Sanidade, de Pesca e Asuntos Marítimos e de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ás que afectan os temas da orde do día, e informa que se retiran da reunión.

O Director da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do SERGAS, intervéñe e informa que forma parte, como vocal, da Comisión de Persoal (Decreto 151/1991, do 2 de maio; DOG do 16 de maio) e representa a Consellería de Sanidade por ter atribuída a competencia en materia de persoal.

A representante da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, informa que o Secretario Xeral, que estivo presente na mesa Xeral de Negociación, tivo que realizar unha viaxe a Bruselas, polo que existe xustificación da ausencia.

As representacións das organizacións sindicais CIG, CC.OO. e UGT retiráronse da reunión.

A representación da organización sindical CSI-CSIF manifesta que comparten a opinión das restantes organizacións sindicais, non obstante, dada a importancia que para o persoal teñen os asuntos a tratar, permanecen na reunión.

Punto primeiro: Lectura e aprobación, se procede, da acta número 10/2006 correspondente á sesión anterior.

Foi lida a acta 10/2006 e aprobada coa seguinte observación da organización sindical CSI-CSIF:

No punto segundo da orde do día, no parágrafo relativo á súa intervención, debe constar que consideran positiva a modificación realizada na proposta; pero non están de acordo con que no mesmo ano se aproben dous decretos de oferta de emprego público.

Punto segundo: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

* Toma a palabra a representante da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos sinalando que a proposta de modificación da RPT, tratada en anteriores reunións, refírese principalmente ao incremento dos complementos específicos dos postos de traballo operativos dependentes do servizo de Gardacostas de Galicia, que se financia con partidas orzamentarias entre que figuran as dotacións de postos que se amortizan.

* A representación da organización sindical CSI-CSIF, sinala que están a favor da modificación proposta e reitera as preguntas formuladas na Mesa Xeral de Negociación, que se ían contestar nesta reunión, relativas á percepción das retribucións desde o mes de xullo, aínda non abonadas, polo persoal do servizo.

* A representación da Consellería informa que se está a modificar a orde reguladora para abonar as retribucións con efectos retroactivos.

A proposta foi aprobada co voto favorable da organización sindical CSI-CSIF.



Punto terceiro: Proposta de modificación da RPT da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

* A representante da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible informa, reiterando o sinalado na Mesa Xeral de Negociación, que a modificación obedece a necesidade de definir un posto de persoal laboral incluído no plan de consolidación de emprego, actualmente reservado a persoal funcionario, que afecta á ampliación da oferta de emprego público do presente ano.

A proposta foi aprobada co voto favorable da organización sindical CSI-CSIF.

Punto cuarto: Proposta da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade de suspensión provisional no expediente disciplinario 10/06-M.

* Intervén o Director da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do SERGAS e informa que, como consecuencia das reclamacións de pacientes e do persoal do Centro de Atención Primaria de Padrón, e á vista da información previa realizada, se acordou a incoación de expediente disciplinario pola comisión de varias faltas graves. Proponse a suspensión de funcións do facultativo, por razón da situación plantexada e para evitar danos aos cidadáns.

A proposta foi informada favorablemente coa abstención da organización sindical CSI-CSIF.

E non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as once e trinta (11.30) do día da data.

Vº e prace..

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIÓNS
DE PRESIDENTE**

José Rodríguez González

Dou fe,

O SECRETARIO

Carlos Carid Fernández

